



ACTA

En Arzúa, a 7 de xuño de 2016.

Sendo as 10.50 horas, reúnen no Salón de Comisións da Casa do Concello, os seguintes membros integrantes da Comisión Seleccionadora que valorará os méritos que foron alegados e xustificadas, polos sete aspirantes que resultaron admitidos definitivamente para participar no proceso de selección, mediante concurso, para a provisión temporal por un período de catro meses dun posto de traballo de **Encargado da Oficina municipal de Información Turística**, que terá que ser desempeñado por unha persoa que estea en posesión do título de Diplomada/Grao en Turismo, a xornada completa de trinta e sete horas e media semanais; sendo acordada esta contratación laboral temporal a través das Bases aprobadas por Decreto do alcalde, ditado o día 30 de maio de 2016; a saber:

- Presidente: D. Luis Fole Barrio (*Arquitecto técnico do concello de Arzúa*).
- Vogais:
 - D^a. Begoña Feijoo Juaros (*Profesora de inglés no Instituto de Educación Secundaria de Arzúa*).
 - D^a María José Diz Alvarez (*Profesora de francés no Instituto de Educación Secundaria de Arzúa*).
 - D. Joaquim Vázquez Rodríguez (*Técnico de normalización lingüística do concello de Melide*).
- Secretario: D. Juan Colmenares López-Soldado (*Secretario do concello de Arzúa*).

E visto que existe o quórum suficiente para a válida constitución da Comisión Seleccionadora, --de conformidade co disposto no artigo 26 nº 1, da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común--; o presidente procedeu a declarar constituída dita Comisión, dispoñendo que acto seguido procedese a efectuar a valoración dos méritos acreditados polos sete aspirantes interesados en participar neste proceso de selección, tendo en conta para iso os documentos acreditativos aportados xunto coas respectivas instancias, para ser valorados de conformidade co Baremo de méritos que figura recollido na Base Novena das que rixen o procedemento de selección, segundo a seguinte ponderación:

I) Titulacións:

*Por posuir outra titulación media ou superior, ademais da Diplomatura ou Grao en Turismo, esixida na Base Quinta, apartado D): sempre que esa titulación estea relacionada coas tarefas do posto de traballo a desenvolver: **1 punto por cada titulación, ata un máximo de 3 puntos.***

II) Experiencia profesional:

*Por cada mes completo traballado, ou fracción de máis de vinte días, na mesma categoría e especialidade que a solicitada, en calquera Administración Pública, computado ata o último día en que remate o prazo de presentación de solicitudes: **0,25 puntos, ata un máximo de 7 puntos.***

Resultando que --como consecuencia da valoración dos méritos acreditados por cada un dos

sete aspirantes- lles foron asignadas as seguintes puntuacións:

| | Titulación | Experiencia profesional | Total |
|---------------------------|------------|-------------------------|-------|
| José María Ruzo Sanmartín | 1+1 | ----- | 2 |
| Suevia Ausede Río | 1 | 0,75+0,75 | 2,5 |
| Eva María Paz Martínez | 1 | ----- | 1 |
| Daniel Gómez Pallares | 1+1 | 1,50+1,50+1 | 6 |
| María José Calvo Silva | 1 | ----- | 1 |
| Laura Rodríguez Cid | 1 | ----- | 1 |
| Adrian Pena Bermúdez | 1 | ----- | 1 |

Deseguido, sendo as 12.30 horas, procedeuse a **realizar a entrevistas** coas referidas aspirantes, acordando previamente o presidente e os dous vogais da Comisión Seleccionadora formularlles as dúas cuestións seguintes:

1ª.- *What would you recommend to do and visit to a visitor arriving in Arzúa?*

2ª.- *Combien de chemins traversent la ville?*

3ª.- *No suposto de que foses contratado/a como encargado/a da Oficina municipal de información turística, se che chega á citada oficina un peregrino, un turista ou un visitante, que é a primeira vez que pisa Arzúa e pide información a nivel gastronómico e patrimonial ¿ Que ou que vendería de Arzúa, como atractivo para que o tivera en conta?*

Seguindo como orde de actuación, para realizar estas entrevistas, o mesmo que o da presentación de instancias no Rexistro Xeral do Concello, que é o que figura previsto na anterior relación que contén a valoración de méritos.

Tras considerar a Comisión Seleccionadora as respostas dadas por cada aspirante, acordouse outorgarlles as seguintes puntuacións **sobre 2,5 posibles**:

| | Puntuación entrevista |
|---------------------------|-----------------------|
| José María Ruzo Sanmartín | Non compareceu |
| Suevia Ausede Río | 2 |
| Eva María Paz Martínez | 2,5 |
| Daniel Gómez Pallares | 2,5 |
| María José Calvo Silva | 2 |
| Laura Rodríguez Cid | 2 |
| Adrian Pena Bermúdez | Non compareceu |

Polo que, se temos en conta que todos os aspirantes acreditaron (*cando presentaron a súa solicitude para participar neste proceso de selección*) que estaban en posesión do Celga 4, o que supón que quedaban eximidas de realizar a proba sobre coñecementos do idioma galego; e que -segundo se dispón na Base Novena- se lles debe outorgar unha puntuación de 2,5 en dita proba; resultaría que a puntuación total acadada por cada aspirante neste proceso de selección, sería a seguinte:

| Nome | Valoración de méritos | Entrevista | Coñecemento Galego | TOTAL |
|---------------------------|-----------------------|------------|--------------------|-------|
| José María Ruzo Sanmartín | 2 | --- | 2,5 | 4,5 |
| Suevia Ausede Río | 2,5 | 2 | 2,5 | 7 |
| Eva María Paz Martínez | 1 | 2,5 | 2,5 | 6 |
| Daniel Gómez Pallares | 6 | 2,5 | 2,5 | 11 |
| María José Calvo Silva | 1 | 2 | 2,5 | 5,5 |

| | | | | |
|----------------------|---|-------|-----|-----|
| Laura Rodríguez Cid | 1 | 2 | 2,5 | 5,5 |
| Adrian Pena Bermúdez | 1 | ----- | 2,5 | 3,5 |

Unha vez determinada a puntuación outorgada a cada aspirante presentada no concurso convocado; a Comisión Seleccionadora adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.- Formular ao alcalde a proposta de contratación a favor do aspirante don Daniel Gómez Pallarés, para desempeñar o posto de traballo de Encargado da Oficina municipal de Información Turística de Arzúa, por obter a maior puntuación e non esixirse nas bases ningunha puntuación mínima para non quedar eliminado.

Segundo.- De conformidade co disposto na Base Novena, trasladar esta proposta de contratación a favor da aspirante que quedou en segundo lugar neste proceso de selección, para o suposto de que aspirante seleccionado non poidera acreditar os requisitos necesarios para ser contratado, ou renuncie a esta contratación en calquera momento, e así sucesivamente, para o suposto de que os aspirantes anteriores de maior puntuación renunciase a súa contratación.

Terceiro.- Dispoñer a publicación no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello:

* Tanto das puntuacións obtidas por todos os aspirantes, ao final deste proceso de selección.

* Como da proposta de contratación que efectuou esta Comisión Seleccionadora.

Concretando que, para dar cumprimento a este acordo, publicárase no Taboleiro de Edictos: ou ben un anuncio que conteña os datos indicados, ou ben una copia da acta estendida ao efecto.

Cuarto.- Requirit ao aspirante proposto para que no prazo de tres días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación no Taboleiro de Edictos do correspondente anuncio ou da acta desta reunión, presente os documentos acreditativos a que se refire a Base Undécima das que rixen o proceso de selección; a saber:

a) Certificado médico oficial de non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica, que sexa incompatible co exercicio das funcións para as que resultou seleccionada.

b) Declaración de non estar separada, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera Administración Pública, nin atoparse inhabilitada por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

c) Declaración expresa de non estar incurso en causa de incompatibilidade do persoal ao servizo das Administracións Públicas, conforme a normativa vixente.

Co cal douse por rematado o acto, ás 13.20 h. do indicado día; estendéndose a presente acta, para ser subscriba polos membros da Comisión Seleccionada e para constancia no expediente; do que dou fe.